




A BIBLIOTECA

Hai trescentos anos houbo unha biblioteca que estaba nunha mansión. Un día, un neno do pobo acercouse a ela para consultar uns datos nun libro. Nunca saíu da biblioteca. Buscárono por todos os sitios, pero nunca apareceu.

Unha noite, toda a mansión ardeu por circunstancias descoñecidas, excepto a biblioteca.

Os anos pasaron e seguiu desaparecendo xente. Transcorreron moitos anos desde eses acontecementos e a xente esqueceuse da existencia da biblioteca ata que un día moi chuvioso un mozo que ía na súa bicicleta perdeuse polo camiño e buscou refuxio nos restos da casa. O mozo fixouse nunha habitación que estaba case intacta, era a biblioteca. El quedouse durmido alí.

Cando espertou, ao non chover, dirixiuse á súa bicicleta para marcharse e foi cara a saída da única habitación que quedaba. Saíu e encontrouse cun largo corredor que comunicaba con moitas habitacións, que antes non estaban. Comezou a andar polo corredor. Tiña grandes ventás que apenas deixaban pasar unha luz estrañamente escura. Despois de camiñar durante un tempo, decidiu entrar nunha das numerosas habitacións, empuxou a porta, pero non se abriu. O mesmo fixo con varias portas, pero sen conseguilo. Por fin abriuse unha, dentro estaba unha cheminea acendida, pero na habitación ía frío. Das paredes colgaban



cadros con retratos de persoas. O mozo achegouse ao lume da cheminea porque tiña frío, pero esta non daba calor. Entón, na cheminea apareceron as caras dos cadros, e berraban: "¡Axúdanos!" Nese momento o mozo desmaiouse.

Cando espertou, escoitou a voz dun amigo seu:

- Estívente buscando cando saíches coa bicicleta
- Como atravesaches o corredor?

- O corredor?... que corredor?, aquí só hai ruínas

- Pero...

O rapaz pensou que todo fora un soño e foise para a súa casa.

Ao día seguinte

pola mañá encontrou no seu peto un pergamiño que poñía: "¡Axúdanos!". Entón deuse conta de que non fora un soño.

Pasaron os anos e decidiu volver ás ruínas, pero nunca saíu delas.

ESTHER GONZÁLEZ TABOADA,
S3B

